TIÑA QUE INVESTIGAR

Tiña que investigar. A súa praca, abandonada sobor do frigorífico, no outro canto do cuarto, tendía un fío cáxeque luminoso e diagonal no escuro. Aquel único punto de lus finxida salvaba o abismo de dous ou tres metros que soparaba a parede fronterira e a cama, e revelaba o po que formiguexaba na atmósfera densa da estancia. Cando a neveira espertaba, cun zunido xordo, teimoso, todo o cable de po metálico que xurdía da praca vibraba. Logo o acougo volvía, e podíase sentir de novo o bisbilloteo da choiva fora, o zoar dos carrozos turbos que escorregaban entre as laxes, o lixo mollado, as rúas estreitas. Recomenzaba o tic-tac persistente da pingueira no anco máis arredado do rocho, o esbarar brando, pegañento, da auga polas paredes.

Tiña que investigar. Rebuliú un anaquiño na cama e botou o fume longo cara o teito. Sen se xirar, supino sempre e sempre ca vista fixa na nódoa de humidade que, xusto sobre da súa cabeza, parecíase cada vez máis á moura face apodrecida do comisario Martínez cando o tiraron do río, o seu corpo era unha pedra afundida nas augas remexidas do colchón, entre a escuma suada das sabas. De vez en cando intentaba achegar as pernas ós límites da enxerga pra se ceibar da humidade que se collía á pel e ás rugas da pel, pro só conseguía sentir de novo a pesadez sen fondo dos seus membros, a calor mollada que os colaba. Deu outra pegada, deixando saílo fume da boca e do naso sen espelilo, e chimpou logo a cabicha aínda acesa. Logo apalpou ca mao esquerda. A aba da cama, a sela estrangoada a carón do leito, ovaso. Colleuno, aperrouno, levouno ós beizos resésigos. Entón houbo de erguer un chisco a cabeza pra beber. Dor punxinte na caluga e polas costas abaixo. Tendeu os labres e churripiou cun gurgullo bolente pola gorxa e ardenza no cor do ventre. Logo deixou caír a mao, salferindo a saba co güisqui. A cabeza cedeu, con cansancio de toda unha vida, e a ollada rixa topou de novo ca nódoa do teito, a face moura do comisario Martínez cando afondou no lameiro da ribeira e un acio de peixes cebábase nela.

Tiña que investigar. A súa pistola, a carón da praca, tendía fíos de sombra na sombra que habitaba en tódolos recunchos do soto e que xurdía enteira do interior do seu canón. A arma, queda e asinalando, abría grezas nas paredes, lóstregos negros cachados no seu único e eterno segundo. O chao, por baixo, facía ondas mestas e renxía. Aquí e alá perfís escuros emergullaban: unha mesa rota, roupa suxa, latas valeiras, restos de vaixela.

Tiña que investigar. O brazo dereito ata entón quedara inmóvel, morto, pegado ó colchón e ó corpo. O puño estara sempre pechado, crispo, con tódalas rugas dos nocelos en tensión, cas veas violáceas en baixo releve, moi marcadas. Pro entón, a modo a modiño, soltouse e xurdiú da palma un buruño de tecido branco que se foi abrindo como unha frol nova na noite. As xemas dos dedos carexaron a teia, primeiro dondamente, con agarimo, logo cada vez con máis forza, esfregándoa, cravando as unllas ata que a teia, cun laio, rachou. O brazo ergueuse devagar, cun esforzo máximo de músculos tendidos, como se levantase un gran peso. A teia colgou da mao. Era unha braga de muller, co cheiro de muller. Levouno ó naso e aspirou con violencia a maruxía nova e os eucaliptus quentes. O tecido rachou xa de todo, abrindo polo meo o sangue seco e ulinte.

Tiña que investigar. O corpo respiraba con moita dificuldade, cun rouquido brando e fondo, bormeiro. O peito abalaba e debalaba a espasmos. As maos tremían, sobre todo a esquerda, a que de novo levou o vaso ós beizos. Algúns fíos de qüisqui correron polo queixo abaixo ata o colo e o peito. Logo a mao tentou de pousar o vaso na sela, pro só conseguía afondar no vougo. O home tivo que arrincar a ollada da face moura no teito do comisario Martínez, apodrecida cando o tiraron do río. Xirou a cabeza traballosamente, cun renxido de vértebras, pra buscar a cadeira, pro cando á fin puido deixalo vaso a mao tremente deu co borralleiro cheo que estaba na aba da sela. Toda a cinza ciscouse polo chao e a ollada do

home, seguíndoa, topou cun feixiño de fotografías espalladas a carón da cama. Esbarou por elas, pouco a pouco.

Tiña que investigar. Eran fotos recentes, pro que a escuridade e o po tinxiran ca cor sepia das doutro século. Desordeadas polo chao, cada unha tiña o seu tamaño e formato, e algunhas tiñan dobras ou estaban recoutadas. Eiquí víase o home da cama bicándose cunha rapaza morena de cabelos curtos, vaqueiros axustados, chaqueta de coiro. Por sobre das súas cabezas aparecía sorridente a face moura doutro home, que facía cas maos xestos de axuntalos dous que se bicaban. Máis alá, esparexíanse fotos de excursiós polo campo, merendas, a muller e os dous homes didiante catedrais, torres, prazas antigas, fondos vals, caleixós de pedra, facéndolle mocas á cámara, poñendo moi serios cara de fotografía ou estoupando a gargalladas. Nunha delas viñan os dous homes de uniforme, collidos polos hombreiros; noutra a muller núa - peitos e beizos cheos, coxas luídas, o corpo deitado con todo o ritmo da baixamar - ; noutra o home da cama e a muller do ganchete, ollando moi fixo pró ouxetivo. Había dúas ou tres fotos un pouco arredadas do resto. Eran de pior calidade. Nelas a imaxe aparecía movida, con tódolos perfís borrosos, esluída trais dunha brétema bagullenta. Todas amosaban un home e unha muller que se beixaban nunha ponte, sobor dun río grande que trais deles esbaraba pró lonxe. A rapaza - cabelos curtos, vaqueiros axustados, o corpo con todo o ritmo da baixamar - apoiábase na baranda da ponte. Nunha das fotos víaselle craramente, xurdida da náboa, a mao crispa na caluga escura do home, os ollos pechos e a boca aberta e chea da lingua e o cuspe do home, que lle metía a coxa entre as coxas, e logo noutra instantánea a face moura, aborrallada, mergullada no branco val do colo da muller.

Tiña que investigar. As fotos perdíanse despóis no abismo negro de dous ou tres metros que soparaba a parede fronteira e a cama. O ar estaba nel tan quedo que pesaba na cruz da fronte, no esternón. O silencio era unha rocha antiga, só erosionada polo tic-tac persistente da pingueira no anco máis arredado do rocho, polo esbarar brando, pegañento, da auga polas paredes. O home despegou a ollada do chao e levouna ó teito. Doíanlle por baixo os ollos, onde levaba un campo de alfinetes. Logo barba de días, o colo cruzado de enrugas, o peito ofegante, as costelas chantadas, o ventre afondado, o carallo frouxo pro encheito, as pernas como barcos que se van. Tentou de erguer, fixo forza cos brazos e cos calcañares, esticou o colo, os lumbares e os cuádriceps tensaron, os cóbados fixeron oco no colchón, quixo tirar as omóplatas das sabas, as nádegas logo, o corpo mantívose no ar un segundo, dous, e entón todo foi un pinchanzo eléctrico nas tempas e no peito, e de novo caiú derrubado no xergón. Ouvíase xa o troupeleo nas escadas fora, as petadas na porta, a voz do xefe feita de vimio cadrelado, abre Mariño, abre, acabou xa todo, acabou ...